

REGULAMENTO CTO. GALEGO DE MOTOCRÓS 2025

A Federación Galega de Motociclismo convoca o Campionato Galego de Motocrós 2025 para as categorías

CATEGORÍA	IDADE MINIMA	IDADE MAXIMA	CILINDRADA 2T	CILINDRADA 4T
MX1	16		100cc – 500cc	175cc –650cc
MX2	18 actualizada	23 anos**	100cc – 250cc	175cc –250cc
SUB18	14	19 anos**	100cc – 250cc	175cc –250cc
MX85	10	14 anos**	70cc - 85cc	
MX65	6	12 anos**	65cc con cambio	
MX50	6	9 anos**	50cc	
MASTER	35-40-50**		100cc – 500cc	175cc –650cc

** idade cumprida no presente ano.

que puntuarán por separado, de acordo co seguinte regulamento:

1. REGULAMENTOS. Os regulamentos particulares de tódalas competicións puntuables para este campionato deberán ser enviados a F.G.M., como mínimo, cun mes de antelación á súa data de realización, para a súa aprobación. Acompañarase cun plano a escala do circuíto (pista, parque de corredores, instalacións complementarias, situación dos comisarios de sinalización, etc.) coa indicación das dimensións, e cos permisos ou autorizacións correspondentes (Concello, Comunidade de Montes, propietarios circuíto, etc.). Toda aquela competición da cal non se reciba o seu regulamento nese prazo poderá considerarse suspendida, e segundo acordo da asemblea xeral do 22/01/00 perderá o aval ou garantía, así como as posibles subvencións por organizar probas dos campionatos galegos. A todas as probas suspendidas serán cargados dereitos dobres. A Comisión Delegada será a encargada de designar a organización da competición reserva.

Os Circuitos onde se realicen as probas deberán contar coa inspección dunha comisión técnica da F.G.M., previa á aprobación do regulamento.

2. INSCRICIÓN. As inscricións e o pago dos dereitos correspondentes deberán efectuarse a través da zona privada de federado na web da FGM www.fgmoto.org.

1. En prazo: ata as 15:00 horas do luns anterior (ou 6 días se non é fin de semana).

2. Fora de prazo: 1º recargo ata mercores 23:59 horas (10€). 2º recargo ata as 12:00 horas do venres anterior ao día da proba (dereitos dobres). Estas inscricións terán un recargo. A inscrición no circuíto o día da proba leva dereitos dobres. Os recargos e dereitos dobres cobrados no día da proba considéranse unha penalización. A FGM facturará aos clubs organizadores os dereitos dobres cobrados no día.

No caso de non poder asistir a unha competición deberá ser comunicado na FGM ata o venres ás 13.00 h. anterior ao día da celebración da competición. Para ter dereito a devolución dos dereitos, deberá facerse vía correo electrónico a inscricions@fgmoto.org.

O importe das inscricións leva incluído o importe dun euro (1,00 €) de compensación polo gasto derivado da xestión telemática das inscricións e o seu pago.

Nas competicións cronometradas con transponders da FGM, o importe da inscrición leva incluída a compensación económica de tres euros (3,00 €) destinada a creación dun fondo para reposición e renovación de transponders.

Poderán participar pilotos con licenza Homologada RFME doutras comunidades autónomas puntuando para o Campionato Galego. Deberán realizar e pagar a inscrición a través da web da FGM nos prazos e prezos establecidos.

	PRAZO	FORA P.		PRAZO	FORA P.
MX1-MX2	55 €	65/110 €	MX65 MX50	40 €	50/80 €
MX S18	55 €	65/110 €	MX-MASTER	55 €	65/110 €
MX85	40 €	50/80 €			

3. LICENZAS. Poderán participar neste campionato os pilotos que posúan a licenza GALEGA ou HOMOLGADA RFME do ano en curso tramitada pola FGM, da clase Motocrós e das categorías Sénior e Júnior, que puntuarán por separado para as categorías.. Poderán participar pilotos doutras comunidades con licenza HOMOLOGADA RFME sempre que realicen a inscrición conforme o art. anterior, con dereito a trofeos da proba e clasificarán para o Cto. Galego.

4. MOTOCICLETAS ADMITIDAS. Poderán participar neste campionato calquera motocicleta aceptada polos regulamentos F.I.M., R.F.M.E. e F.G.M. para a práctica do Motocrós das seguintes cilindradas segundo a categoría:

CATEGORÍA	CILINDRADA 2T	CILINDRADA 4T
MX1	100cc – 500cc	175cc –650cc
MX2	100cc – 250cc	175cc –250cc
SUB18	100cc – 250cc	175cc –250cc
MX85	70cc - 85cc	
MX65	65cc con cambio	
MX50	50cc	
MASTER	100cc – 500cc	175cc –650cc

5. MÍNIMO DE COMPETICIÓN PUNTUABLES. O campionato considerarase válido coas competicións que se realicen dentro do calendario. En toda competición puntuable realizaranse dúas mangas de 20 minutos máis dúas voltas, cun intervalo mínimo obrigatorio entre elas de 30 minutos entre o final da primeira manga e o comezo da segunda.

Os pilotos MX1-MX2 e MX S18 tomarán a saída conxuntamente. Para tomar parte nela será obrigatorio, como mínimo, tomar parte nos adestramentos obrigatorios e clasificatorios. Destes adestramentos obterase o posto para a grella de saída, que consistirán, polo menos, nunha sesión de 15 minutos no caso de utilizar sistema de cronometraxe por transponder. En caso de non poder utilizar este sistema de cronometraxe consistirán nunha manga de 5 voltas. Os participantes deberán entregar nas verificacións de cada proba a súa licenza polo transponder que se entregará para colocar na motocicleta que verifique, momento en que o piloto (ou seus pais ou titores no caso dos menores) é o responsable do extravío, perda, sustración ou deterioro do transponder que deberá devolver, no mesmo estado en que lle foi entregado, dentro da media hora seguinte do remate da proba para recuperar a súa licenza. No caso de incumprimento desta norma e sempre que devolva o transponder no prazo dunha semana, o piloto deberá facer efectiva unha compensación económica a Federación de 100 euros, para poder ser admitido en calquera outra competición. Se non devolve o transponder no prazo dunha semana ou se ocasiona danos no mesmo, deberá aboar o valor total do transponder (200 €), como requisito para poder participar en calquera outra competición. As cantidades sinaladas anteriormente establécense como compensación aos prexuízos ocasionados. O retraso ou incumprimento na correcta devolución do transponder poderá dar lugar á apertura de expediente

disciplinario. Os clubs organizadores deben dispoñer de dúas persoas, polo menos, para encargarse da recollida e devolución das fianzas e dos transponder.

Antes dos adestramentos obrigatorios organizarase unha sesión de adestramentos libres de 15 minutos. O intervalo entre o final destes adestramentos libres e o comezo dos adestramentos obrigatorios debe ser de 30 minutos.

6. MÍNIMO DE PARTICIPANTES. Para realizar unha competición de calquera das categorías deberán estar inscritos en tempo e forma un mínimo de oito pilotos da mesma categoría ou das categorías que compitan conxuntamente.

Para que unha competición teña validez para puntuar neste campionato, deberán tomala saída nos adestramentos un mínimo de tres pilotos da mesma categoría. Para que a categoría teña validez dentro do campionato, debe haber a participación mínima na metade mai unha das probas celebradas. Na categoría Fémias non se terá en conta o mínimo de participantes.

7. VERIFICACIÓNS. Antes de comeza-los adestramentos as motos participantes deberán pasar unha verificación preliminar de chasis e motor. Unha vez finalizada a competición, as motocicletas clasificadas nas cinco primeiras posicións de cada categoría deberán dirixirse ó parque pechado onde permanecerán ata 30 minutos despois de ser publicadas as clasificacións da competición.

Os comisarios técnicos poderán verificar de oficio as motos que consideren oportuno. A organización, en caso de consideralo necesario, poderá reter unha moto participante para verificala de forma precisa, ata 72 horas hábiles despois da competición.

Antes do comezo dos adestramentos e da competición, verificarase a indumentaria dos participantes, que deberán ir provistos de: casco homologado, botas, lubas e roupas axeitadas para este tipo de probas.

Todo corredor está autorizado a empregar dúas motocicletas presentadas a control técnico, tanto en adestramentos libres coma de clasificación, e no poderán cambiar de motocicleta durante o desenvolvemento dunha manga.

Para pasar as verificacións técnicas teranse en conta as seguintes medidas e cores para os números das placas, feitos en cifras lexibles e cores mates antireflectantes:

Altura: 14 cm Ancho: 8 cm Trazo: 2'5 cm Espazo entre cifras: 1'5 cm

As cores dos fondos e números das motocicletas varían segundo a categoría e son as seguintes:

CATEGORÍA	FONDO	CIFRAS
MX1	BRANCO	NEGRAS
MX2	NEGRO	BRANCOS
SUB18	NEGRO	BRANCOS
MX85	BRANCO	NEGRAS
MX65	AZUL	BRANCAS
MX50	BRANCO	NEGRAS
MASTER	AMARELO	NEGRAS

8. PREMIOS. O organizador deberá entregarlles trofeos ós tres primeiros clasificados de cada categoría.

9. CLASIFICACIÓNS DE PILOTOS. A clasificación particular en cada competición será a suma dos puntos obtidos nas dúas mangas, de maior a menor, independentemente de que un piloto se clasifique ou non nunha das mangas.

Para a clasificación de cada competición, ó igual que os campionatos de pilotos, ó vencedor de cada manga adxudicaráselle 25 puntos, 20 ó segundo, 16 ó terceiro, 13 ó cuarto, 11 ó quinto, 10 ó sexto, 9 ó sétimo, 8 ó oitavo, 7 ó noveno, 6 ó décimo, 5 ó décimo primeiro, 4 ó décimo segundo, 3 ó décimo terceiro, 2 ó décimo cuarto, 1 ó décimo quinto. Para clasificarse nunha manga será indispensable cubrir, como mínimo, 3/4 partes das voltas totais percorridas polo primeiro clasificado, ademais de pasar pola liña de meta nos cinco minutos seguintes á chegada do vencedor.

Para a clasificación final do campionato serán sumados os puntos conseguidos por cada piloto en tódalas mangas celebradas, non será desbotado ningún resultado.

Nos casos de empate nas competicións puntuables resolveranse a favor do piloto que realizase o mellor posto nunha das mangas. Se a igualdade persiste, será determinante o resultado da última manga da competición.

Os casos de empate na clasificación final do Campionato Galego resolveranse a favor do que obtivese un maior número de primeiros postos; de subsistir, a favor do que obtivese maior número de segundos postos, e así sucesivamente. Se este aínda perdura será determinante o resultado da última manga puntuable na que participasen conxuntamente os pilotos en cuestión. Sé a igualdade persiste, será determinante o resultado da última competición na que algún dos implicados obtivera puntos.

10. CAMPIONATO DE CLUBS, ESCUDARÍAS E MARCAS. As puntuacións finais no Campionato dos dous mellores pilotos de cada club, escudaría ou marca, sumaranse para determinar a qué entidade se lle entregará o Diploma acreditativo deste campionato.

11. DIPLOMAS E TROFEOS. A Federación Galega de Motociclismo outorgaralle, ó finaliza-lo campionato, os seguintes premios en cada categoría:

ó piloto campión:	DIPLOMA e TROFEO
ó piloto subcampión:	DIPLOMA e TROFEO
ó piloto terceiro clasificado:	DIPLOMA
ó club ou escudaría campioa:	DIPLOMA
á marca campioa:	DIPLOMA

Todo aquel piloto que se clasifique nunha das tres primeiras posicións nunha competición ou nun campionato, está obrigado a asistir á entrega de premios. O incumprimento inxustificado desta norma producirá a perda do premio ou trofeo correspondente.

Se non pode asistir por algunha causa xustificada, deberá comunicalo ó organizador e ó presidente do xurado. O incumprimento desta norma, ademais de significar-la perda do premio ou trofeo correspondente, producirá a perda dos puntos acadados nesa proba para o campionato.

12. INFRACCIÓN E SANCIÓN. Considerase infracción o acto voluntario ou involuntario, realizado durante o transcurso dunha competición e contrario ós regulamentos en vigor ou as ordes dadas por un oficial responsable da competición. Tamén os actos de corrupción, fraude ou calquera outra acción que prexudique ós intereses da competición, participantes ou deporte en xeral. Durante o transcurso dunha competición o xurado ou arbitro, directamente ou a proposta do director de competición ou de calquera oficial autorizado pola federación competente pode impoñer-las seguintes sancións: Advertencia, multa, penalización de tempo ou voltas, desclasificación, exclusión e descalificación segundo o regulado nos artigos 110 e 111 do regulamento deportivo. Poderán ser motivo de sanción tódalas aquelas faltas recollidas no regulamento xeral de Motocrós, Regulamento Deportivo da F.G.M. ou Regulamento Disciplinario. As sancións por infraccións cometidas polos acompañantes dos pilotos recaerán sobre os propios pilotos.

13. RECLAMACIÓN. Calquera reclamación contra o desenvolvemento da proba ou da conduta doutro piloto deberá facerse por escrito acompañada de 90 € dentro da media hora seguinte ó termo da proba.

Calquera reclamación contra a clasificación da proba deberá facerse por escrito acompañada de 90 euros dentro da media hora seguinte á publicación desta.

Calquera reclamación técnica contra unha motocicleta deberá facerse na media hora seguinte ó remate da proba, por escrito e xunto cunha fianza de 150 €.

Se se comprobouse a veracidade dunha reclamación, o importe será devolto, no caso contrario será retido e enviado á F.G.M.

As reclamacións entregaranse en man ó director da competición ou árbitro, acompañadas da fianza correspondente e asinada unicamente pola persoa directamente afectada. Non poderá referirse a máis dun tema por reclamación.

Os pilotos participantes están obrigados a desmonta-los órganos mecánicos da súa moto diante do comisario técnico se houberse unha reclamación (neste sentido) doutro participante ou por verificación de oficio. A desmontaxe tamén poderá ser realizada por un mecánico do propio piloto.

14. APRAZAMENTO DAS COMPETICIÓNS. Os aprazamentos das competicións deberán ser solicitados por escrito cun mes de antelación, como mínimo. Indicaranse os motivos e a nova data de realización da proba. Esta terá que ser obrigatoriamente anterior á penúltima carreira do campionato. No caso contrario quedará definitivamente anulada, e segundo acordo da asemblea xeral do 22/01/00 perderá o aval ou garantía, así como as posibles subvencións por organizar probas dos campionatos galegos. A todas as probas suspendidas serán cargados dereitos dobres. A Comisión Delegada será a encargada de designar a organización da competición reserva.

15. HORARIO DAS COMPETICIÓNS: As competicións puntuables para os campionatos galegos de Motocrós rexeranse polos horarios que estableza a F.G.M. e poderán variar dependendo do número de participantes inscritos en cada categoría. Será o xurado da proba o encargado de confeccionalo. Os pilotos das categorías Promoción e Veteranos poderán xuntarse en mangas conxuntas cando o número de participantes entre as dúas categorías non supere as prazas da grella de saída.

O incumprimento por parte dos pilotos do horario establecido suporá a exclusión da manga ou da carreira.

16. SEGURIDADE. Obrigatoriedade de ter no circuíto durante a competición, dende o inicio dos adestramentos unha ambulancia medicalizada (UVI MÓBIL CON MEDICO), ademais doutra ambulancia.

O que pola súa extensión non conste no regulamento deste campionato, rexerase polo Regulamento deportivo da F.G.M e o seu anexo de Motocrós.

A interpretación deste regulamento corresponde o xurado da proba e a Comisión Delegada da F.G.M.

CAMPIONATO GALEGO DE MOTOCRÓS MX85 C.C. 2025

Tódolos artigos deste regulamento son iguais ós do Regulamento do Campionato Galego de Motocrós Sénior e Júnior a excepción dos seguintes:

3. LICENZAS. Poderán participar neste campionato os pilotos que posúan a licenza GALEGA ou HOMOLOGADA RFME tramitadas pola FGM do ano en curso da clase Motocrós, das categorías Xuvenil e Cadete dende os 10 anos cumpridos ata o ano en que cumbran 14.

Poderán participar pilotos doutras comunidades con licenza HOMOLOGADA RFME doutra comunidade sempre que realicen a inscrición conforme o art. anterior, con dereito a trofeos e clasificarán para o Cto. Galego.

4. MOTOCICLETAS ADMITIDAS. Poderán participar neste campionato calquera motocicleta aceptada polos regulamentos F.I.M., R.F.M.E. e F.G.M. para a práctica do Motocrós das seguintes cilindradas: superiores a 70 c.c. e ata 85 c.c. Para as categorías de MX85, admitiranse única e exclusivamente motocicletas tipo motocrós

5. MÍNIMO DE COMPETICIÓNS PUNTUABLES. Realizaranse dúas mangas de 15 minutos máis dúas voltas. Os adestramentos obrigatorios e clasificatorios consistirán, polo menos, nunha sesión de 15 minutos no caso de utilizar sistema de cronometraxe por transponder. En caso de non poder utilizar este sistema de cronometraxe consistirán

nunha manga de 3 voltas. Os participantes deberán entregar nas verificacións de cada proba a súa licenza polo transponder que se entregará para colocar na motocicleta que verifique, momento en que o piloto (ou seus pais ou titores no caso dos menores) é o responsable do extravío, perda, roubo ou deterioro do transponder que deberá devolver, no mesmo estado en que lle foi entregado, dentro da media hora seguinte do remate da proba para recuperar a súa licenza. No caso de incumprimento desta norma e sempre que devolva o transponder no prazo dunha semana, o piloto deberá facer efectiva unha compensación económica a Federación de 100 euros, para poder ser admitido en calquera outra competición. Se non devolve o transponder no prazo dunha semana ou se ocasione danos no mesmo, deberá aboar o valor total do transponder (200 euros), como requisito para poder participar en calquera outra competición. As cantidades sinaladas anteriormente establécense como compensación aos prexuízos ocasionados. O atraso ou incumprimento na correcta devolución do transponder poderá dar lugar á apertura de expediente disciplinario. Os clubs organizadores deben dispoñer de dúas persoas, polo menos, para encargarse da recollida e devolución dos transponder. Os adestramentos libres terán unha duración de 15 minutos.

8. PREMIOS. O organizador deberá entregarlles trofeos ós tres primeiros clasificados de cada categoría.

CAMPIONATO GALEGO DE MOTOCRÓS MX65 C.C. 2025

Tódolos artigos deste Regulamento son iguais ós do Regulamento do Campionato Galego de Motocrós MX1 e MX2 a excepción dos seguintes:

3. LICENZAS. Poderán participar neste campionato os pilotos que posúan a licenza GALEGA, ou HOMOLOGADA RFME tramitada pola FGM do ano en curso da clase Motocrós da categoría Alevín . Poderán participar pilotos doutras comunidades con licenza HOMOLOGADA RFME sempre que realicen a inscrición conforme o art. anterior, con dereito a trofeos da proba e clasificarán para o Cto. Galego.

4. MOTOCICLETAS ADMITIDAS. Poderán participar neste campionato calquera motocicleta aceptada polos regulamentos F.I.M., R.F.M.E. e F.G.M. para a práctica do Motocrós cunha cilindradas de ata 65 c.c. con cambio.

5. MÍNIMO DE COMPETICIÓN PUNTUABLES. Realizaranse dúas mangas de 10 minutos máis dúas voltas cada unha. Os adestramentos obrigatorios e clasificatorios consistirán, polo menos, nunha sesión de 10 minutos no caso de utilizar sistema de cronometraxe por transponder. En caso de non poder utilizar este sistema de cronometraxe consistirán nunha manga de 3 voltas. Os participantes deberán entregar nas verificacións de cada proba a súa licenza polo transponder que se entregará para colocar na motocicleta que verifique, momento en que o piloto (ou seus pais ou titores no caso dos menores) é o responsable do extravío, perda, roubo ou deterioro do transponder que deberá devolver, no mesmo estado en que lle foi entregado, dentro da media hora seguinte do remate da proba para recuperar a súa licenza. No caso de incumprimento desta norma e sempre que devolva o transponder no prazo dunha semana, o piloto deberá facer efectiva unha compensación económica a Federación de 100 euros, para poder ser admitido en calquera outra competición. Se non devolve o transponder no prazo dunha semana ou se ocasione danos no mesmo, deberá aboar o valor total do transponder (200 euros), como requisito para poder participar en calquera outra competición. As cantidades sinaladas anteriormente establécense como compensación aos prexuízos ocasionados. O atraso ou incumprimento na correcta devolución do transponder poderá dar lugar á apertura de expediente disciplinario. Os clubs organizadores deben dispoñer de dúas persoas, polo menos, para encargarse da recollida e devolución das fianzas e dos transponder. Os adestramentos libres terán unha duración de 15 minutos.

CAMPIONATO GALEGO DE MOTOCRÓS MX50 C.C. 2025

Tódolos artigos deste Regulamento son iguais ós do Regulamento do Campionato Galego de Motocrós MX1 e MX2 a excepción dos seguintes:

3. LICENZAS. Poderán participar neste campionato os pilotos que posúan a licenza GALEGA, ou HOMOLOGADA RFME tramitada pola FGM do ano en curso da clase Motocrós da categoría Alevín . Poderán participar pilotos doutras comunidades con licenza HOMOLOGADA sempre que realicen a inscrición conforme o art. anterior, con dereito a trofeos da proba e clasificarán para o Cto. Galego.

4. MOTOCICLETAS ADMITIDAS. Poderán participar neste campionato calquera motocicleta aceptada polos regulamentos F.I.M., R.F.M.E. e F.G.M. para a práctica do Motocrós cunha cilindradas de ata 50 cc.

5. MÍNIMO DE COMPETICIÓNS PUNTUABLES. Realizaranse dúas mangas de 7 minutos máis dúas voltas cada unha. Os adestramentos obrigatorios e clasificatorios consistirán, polo menos, nunha sesión de 10 minutos no caso de utilizar sistema de cronometraxe por transponder. En caso de non poder utilizar este sistema de cronometraxe consistirán nunha manga de 3 voltas. Os participantes deberán entregar nas verificacións de cada proba a súa licenza polo transponder que se entregará para colocar na motocicleta que verifique, momento en que o piloto (ou seus pais ou titores no caso dos menores) é o responsable do extravío, perda, roubo ou deterioro do transponder que deberá devolver, no mesmo estado en que lle foi entregado, dentro da media hora seguinte do remate da proba para

recuperar a súa licenza. No caso de incumprimento desta norma e sempre que devolva o transponder no prazo dunha semana, o piloto deberá facer efectiva unha compensación económica a Federación de 100 €, para poder ser admitido en calquera outra competición. Se non devolve o transponder no prazo dunha semana ou se ocasiona danos no mesmo, deberá aboar o valor total do transponder (200 €), como requisito para poder participar en calquera outra competición. As cantidades sinaladas anteriormente establécense como compensación aos prexuízos ocasionados. O atraso ou incumprimento na correcta devolución do transponder poderá dar lugar á apertura de expediente disciplinario. Os clubs organizadores deben dispoñer de dúas persoas, polo menos, para encargarse da recollida e devolución das fianzas e dos transponder

Os adestramentos libres terán unha duración de 10 minutos.

TROFEO GALEGO MXFeminas 2025

Se compiten un mínimo de 3 participantes femininas na mesma categoría quedará convocado o Trofeo Galego de MXFeminas.

Este Trofeo divídese en dúas categorías FEMINAS A e FEMINAS B

Féminas A — Poderán participar neste Trofeo todas as pilotos con licenza Galega ou Homologada da categoría Sénior, Júnior e Cadete.

De non haber un número mínimo de 8 inscritas poderán saír con outras categorías masculinas.

Feminas B - Poderán participar neste Trofeo todas as pilotos con licenza Galega ou Homologada das categorías Senior, Júnior, Cadete e Xuvenil Non poderán participar neste trofeo as 3 primeiras clasificadas do Campionato de Espana de MX Feminino

Todas as mangas realizarase co CGMX 85 c.c.

Na categoría Féminas non se terá en conta o mínimo de participantes para ser puntuable.

MOTOCICLETAS ADMITIDAS

Poderán participar neste Trofeo calquera tipo de motocicletas aceptadas polos regulamentos da R.F.M.E. das seguintes cilindradas:

Féminas A - Superiores a 110 c.c. ata 300 c.c. motores de 2T. Superiores a 175 c.c. ata 450 c.c. motores 4 T.

Féminas B - Superiores a 85 c.c. ata 125 c.c. (motores de 2 tempos). Superiores a 175 c.c. ata 250 c.c. (motores de 4 tempos).

A interpretación deste regulamento corresponde ao xurado das competicións, á Comisión Delegada da FGM e á asemblea da FGM.